




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN MÚSICOS AO VIVO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS RELACIONADAS COA SEXTA EDICIÓN DOS PREMIOS MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa **Asociación Músicos ao Vivo** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a **data da súa sinatura ata o 19 de xullo de 2019**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é a realización de actividades relacionadas coa sexta edición dos Premios Martín Códax da Música, convocatoria destinada a proxectos musicais galegos (grupos, solistas ou colectivos) vixentes e en activo en 2019 que compiten en quince categorías que recollen os máis variados estilos musicais, ademais dun premio honorífico como homenaxe á traxectoria artística e dedicación á música ao vivo, e os premios Organistrum, cos que se pretende recoñecer o labor das salas, festivais e espazos de comunicación musical. A gala terá lugar o 8 de maio de 2019 no Pazo da Cultura de Pontevedra.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación Músicos ao Vivo organiza por sexto ano os Premios Martín Códax da Música como un xeito de recoñecer e darlle visibilidade a unha industria cun gran potencial creativo e calidade artística, promovendo a música feita en Galicia, ou fóra pero por músicos galegos, non só a nivel da Comunidade, senón tamén estatal e mesmo internacionalmente, ampliando deste xeito a actividade económica no exterior. Recoñecer a creación, a diversidade e a calidade artística das producións musicais, facer rendible o potencial da música galega dando visibilidade a todo un sector, revelar novos talentos da escena musical galega e achegar a música e o seu proceso de produción ao público son os piares non que se sustentan estes premios, e que a Agadic xulga necesario apoiar de cara á súa consolidación ao considerar este proxecto como unha inmillorable plataforma de promoción deste sector básico da cultura galega.

galicia






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

